

Literatura e sociedade

Anxo Tarrío Varela

Celebrouse estes días pasados o III Congreso de Escritores Galegos, que tan só puiden seguir polos medios de comunicación. Importantes cuestións se anunciaban no programa, pero elixindo tan só un par de manifestacións pronunciadas, segundo leo, polo presidente e polo secretario da AELG, Uxío Novoneyra e Miguel Anxo Fernán-Vello, respectivamente, referida unha á importancia do escritor na preservación da lingua e outra ao mérito que a el lle corresponde no difícil proceso de mantemento da identidade colectiva nos últimos 150 anos, tan só con ese tema, repito, habería abondo para convocar un congreso monográfico.

Efectivamente, o escritor en Galicia (enténdase: o escritor en lingua galega), aínda non goza da consideración social que os seus colegas doutras literaturas respiran, cando o certo é que grazas ao seu labor este país aínda segue vivo, con vida propia e diferenciada, por máis que ferido en múltiples partes vitais.

Moitas veces, por enredar, nun xogo algo macabro, téñome proposto imaxinar que de súpeto desaparecese a lingua, a literatura e a cultura galegas. Que Galicia se entregase, cansa e derrotada, á lingua de Castela, de Portugal ou á lingua inglesa, renunciando á súa propia enerxía para se botar en brazos do alleo, ao que tanta querencia ten, por certo.

Imaxinar a reacción da sociedade, se un día aparecese nos medios de comunicación, con suficiente publicidade, alardes audiovisuais, gráficos e tipográficos, que os escritores galegos, todos, unanimemente, renunciaban a seguir escribindo, dando por rematado e fracasado para sempre o ciclo que se abrira con Rosalía e dispostos a seguir a súa vocación en linguas alleas.

O xogo sería algo así como o que fixo Orson Welles na radio, alá polos anos trinta, cando con impresionante realismo levou a cabo unha adaptación da novela de H.G. Wells, *A guerra dos mundos*, provocando o pánico nos Estados Unidos.

No meu xogo non imaxino, dende logo, unha reacción inmediata tan radical como a dos ianquis, pero tampouco non son quen de imaxinar un encollerse de ombreiros, unha abulia xeralizada e perdurábel que permitise semellante catástrofe. Non acabo de ver iso no meu soño, e quizais polo afán de procurar un final medianamente feliz, vexo en cambio un vagaroso balbordo social nacendo e medrando mesmo dende os individuos e sectores máis indiferentes; un desacougo que había rematar engordidamente nun clamor pedindo que as cousas volvesen ao seu e que os nosos escritores seguisen para adiante na empresa de construír unha literatura coa que poder saír fóra de Galicia coa fachenda de quen sabe que, posto na tesitura de ter

que se definir ante o resto do mundo, leva na súa equipaxe cultural algo propio que amosar.

Se eu non estivese seguro de que este habería ser o final verdadeiro, ¿como podería amencer todos os días e saír á rúa a respirar o noso aire?